



Concello de Rábade



ACTA DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DUNHA PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO, , ADSCRITO Á OFICINA DE SERVIZOS XERAIS, ADSCRITO AO PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO. PLAN ÚNICO COS CONCELLOS 2021

(RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS FORMULADAS ÁS PREGUNTAS DA FASE DE OPOSICIÓN-PROBA TIPO TEST)

Con data 1 de decembro de 2022, reúnese as 12:00 horas na Secretaría Xeral do Concello de Rábade, de conformidade coa composición determinada mediante Decreto de Alcaldía de 8 de novembro de 2022, os membros do tribunal de selección que se relacionan a continuación:

Presidenta: D^a. Ángeles Corral Debasa, traballadora social do Concello de Rábade.

Vogais:

D^a. Silvia Vázquez Orejas, animadora sociocultural do Concello de Rábade.

Secretario: O Secretario-interventor da Corporación, D. Jose Angel Balseiro Amido.

Celebrase a sesión co obxecto de analizar e resolvera as alegacións e impugnacións presentadas ás preguntas tipo test presentadas polas seguintes aspirantes:

D^a. Silvia Castelo Fernández, D.N.I. N^o ***6146**, presentadas a 25/11/2022 (2022-E-RE-295). Impugna as preguntas número 38, 39,40 e 50.

D. David Muñoz Fernández, D.N.I. N^o ***5038**, presentadas a 28/11/2022 (2022-E-RE-296). Impugna as preguntas número 26 e 39.

Analizadas as alegacións e impugnacións anteditas, o tribunal de selección, por unanimidade acorda:

PRIMEIRO.- Estimar as alegacións formuladas en relación ás seguintes preguntas:

Pregunta N^o 26.

Procede a estimación da alegación posto que a formulación da pregunta refírese ao importe máximo que poden ter os contratos de servizos, cando o artigo 118 da LCSP di que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 15.000 euros para o caso dos contratos de servizos, polo que ningunha das opcións de resposta serían correctas. Procede a anulación da mesma e a súa substitución pola pregunta de reserva número 1.

Pregunta N^o 39:

Procede a estimación da alegación posto que do tenor literal do artigo 106.2 LCSP dise que no procedemento de contratación non procederá a esixencia de garantía provisional, salvo cando de forma excepcional o órgano de contratación, por motivos de interese público, o considere necesario e se xustifique motivadamente no expediente, sen que a regulación do procedemento suxeito a regulación harmonizada conteña excepción algunha respecto ao réxime xeral antedito. Polo tanto a resposta correcta a esta pregunta debe ser a opción a).

SEGUNDO.- Desestimar as alegacións formuladas ás preguntas con número 38, 40 e 50 en base á seguinte motivación:

Pregunta N^o 38.

Concello de Rábade



Concello de Rábade

Non procede a estimación da alegación formulada, toda vez que a configuración actual dende un punto de vista legal e xurisprudencial do instituto da responsabilidade patrimonial da administración está conformado como un sistema de responsabilidade obxectiva, que supón que non é estritamente necesario que o dano a indemnizar sexa realizado con culpa ou dolo por parte da administración, unicamente será necesario que o prexudicado non estea obrigado por norma algunha a soportar o dano causado. Todo elo sen prexuízo da acción de repetición prevista no artigo 36 da Lei 40/2015, responsabilidade de carácter subxectiva, na que polo tanto se valorará o dolo, culpa ou negligencia graves das correspondentes autoridades e persoal ao servizo causantes dos danos.

Pregunta Nº 40.

Non procede a estimación da alegación formulada, toda vez que a previsión do inciso final do artigo 46.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, fai referencia á posibilidade de incorporar o asunto que motiva a convocatoria dun pleno extraordinario convocado por, cando menos, un cuarto do número legal de membros da Corporación á orde do día doutro pleno ordinario ou extraordinario que se convocara. En todo caso, esta opción implicaría a inclusión dese asunto na convocatoria e orde do día dese pleno ordinario ou extraordinario, non estando reñida esta posibilidade coa resposta correcta a esta pregunta, que é que nun pleno extraordinario non cabe a posibilidade de adoptar acordos sobre asuntos non comprendidos na súa convocatoria, a tenor do establecido no artigo 83 do RD 2568/1986, de 28 de novembro e 51 do RDLex. 781/1986 de 18 de abril.

Pregunta nº 50.

Non procede a estimación da alegación formulada, toda vez que os principios fundamentais de funcionamento da administración se formulan no artigo 103 da Constitución Española, entre os cales constan, entre outros, de forma expresa o de coordinación e o de legalidade (sometemento á lei e ao dereito), sen que se recolla nin explicitamente nin implicitamente o de cooperación. Todo elo sen prexuízo da formulación que se poida facer de tales principios fundamentais na lexislación autonómica que corresponda.

TERCEIRO.- Proceder á corrección das puntuacións outorgadas na sesión do tribunal de data 23/11/2022 (en base ás correccións e anulacións previstas no apartado PRIMEIRO) obténdose as seguintes puntuación finais:

APELIDOS E NOME	PUNTOS	CALIFICACIÓN
CASTELO FERNÁNDEZ, SILVIA	5,35	APTA
CELADA PENEDO, MARÍA LORETO	4,75	NON APTA
FERNÁNDEZ GUTIÉRREZ, ALBERTO	6,25	APTO
GARCÍA OTERO, CRISTINA DEL CARMEN	2,75	NON APTA
IRIGOYEN VÁZQUEZ, SERGIO	5,95	APTO
MONTOUTO BUIDE, ANA MARÍA	4,45	NON APTA
MOSQUERA PÉREZ, ISABEL	2,80	NON APTA
MUÑOZ FERNÁNDEZ, DAVID	7,65	APTO
PARDO SÁNCHEZ, RAQUEL	3,50	NON APTA
PENERBOSA GARCÍA, LUCÍA	6,20	APTA
PILLADO ROZAS, PAULA	5,30	APTA
RODRÍGUEZ ESPÍÑO, DANIELA	3,80	NON APTA
RODRÍGUEZ VILLAR, MARIA ELENA	2,75	NON APTA
SEIJAS LÓPEZ, RUBÉN	1,00	NON APTO

Concello de Rábade



Concello de Rábade

TORRE MAHÍA, LIDIA	7,95	APTA
VARELA VILLAR, VERÓNICA	1,75	NON APTA

CUARTO.- O tribunal de selección acorda por unanimidade **manter o venres 2 de decembro de 2022, ás 11:00 h no Colexio Fernández de Rábade (rúa Alcalde Ángel Penas, 9)**, como data e lugar para a realización do segundo exercizo da fase de oposición (proba práctica) para todos aqueles aspirantes que acadaran a calificación de APTO/A na presente proba.

E para que conste aos efectos oportunos levántase a presente acta en Rábade, a 1 de decembro de 2022.

A PRESIDENTA,

Asdo.: Ángeles Corral Debasa.



O SECRETARIO,

Asdo.: Jose Angel Balseiro Amido.

Concello de Rábade

Praza do 28 de maio, s/n, Rábade. 27370 Lugo. Tfno. 982390062. Fax: 982390411